




RÍO COURA

Adela Leiro, Mon Daporta
outubro 2021



Distancia: 40 km (en coche) + camiñadas
Dificultade: baixa



- 1-Esteiro do río Coura
- 2-Vilar de Mouros
- 3-Rego de San João
- 4-Couço de Montefurado
- 5-Central e encoro de Covas
- 6-Área de lecer de Covas
- 7-Acea e área de lecer de Pagade
- 8-Ponte medieval de Rubiaes
- 9-Área de Lecer de Paredes de Coura



Desembocadura do Coura



Garzota
garça branca pequena
(*Egretta garzetta*)

O río Coura é un afluente do Miño, o derradeiro pola súa marxe esquerda, que drena territorio portugués nos concellos de Paredes de Coura, Vila Nova de Cerveira e Caminha. Nace na “Paissagem Protegida Serra de Corno de Bico” e despois de percorrer uns 50 km de curso revirado por terreo rochoso ábrese na desembocadura nun amplo esteiro, ao pé da vila de Caminha, moi preto da chegada ao mar do río Miño. É un río ao que paga a pena achegarse porque e doado seguir o seu percorrido en coche xa que a estrada que vai de Caminha a Paredes de Coura discorre polo seu val e a non moita distancia da súa canle, aínda que non hai moitos puntos onde sexa fácil achegarse á auga pola falta de espazos nos que deterse e a pendente do releve, mais atoparemos no traxecto varios puntos de interese nos que é obrigada unha parada.

O río Miño, o esteiro do Coura e Caminha. Vista desde o monte Trega.



PERCORRIDO

Comezamos en **Caminha**, para ver a desembocadura do río, a ampla marisma, as xunqueiras e as carriceiras, que ocupan unha superficie de máis de 250 ha que, xunto co curso baixo, están protexidas como ZEC e ZEPA "Estuário dos ríos Minho e Coura" polo seu valor como punto de paso e internada para especies de limícolas, anátidas, e paxaros e outras aves propias deses medios. A seguinte parada témola no punto onde remata o seu curso baixo, en **Vilar de Mouros** onde podemos gozar dun amplo parque á súa beira, ver a ponte medieval, os pasos, a praia fluvial e ao seu carón a "azenha", o edificio do antigo muíño no que catro rodas verticais accionaban os mecanismos (na contorna hai outras de difícil acceso ás que hai desprazarse adrede). Seguimos camiño por unha estrada con moitas curvas até chegarmos a ponte de **San João** por debaixo da que pasa o rego de San João, un dos principais afluentes do Coura, cunhas fermosas pozas, e un pouco máis adiante, no km 15,5 aprox., temos á esquerda da estrada uns carteis de información turística do **Couço de Montefurado** onde, facendo un percorrido de 1 km, podemos visitar unha obra da minaría romana -os restos dun encoro e un túnel polo que se desviaba a auga, de case 200 m de lonxitude, que se pode percorrer, para o que é imprescindible dispoñer dunha fonte de luz-. Un cuarto punto de interese está nos restos da **central eléctrica de Covas** e o seu encoro. Outro na **área de lecer de Covas**, con espazo acondicionado e zona de baño. Facemos outra parada en **Pagade**, con azenha e area de lecer; o penúltimo en **Rubiaes**, para achegarnos á ponte medieval, e rematamos en **Paredes de Coura** na praia fluvial do Taboao.

Nas praias fluviais de Vilar de Mouros e Paredes de Coura celébranse dous dos maiores festivais musicais do verán de Portugal.



Ponte medieval de Vilar de Mouros



Azenha de Vilar de Mouros, recentemente restaurada.

Praia e parque de Vilar de Mouros




pasos no río Coura en Vilar de Mouros



Pozas no rego de San João



Túnel do Couço de Montefurado



Encoro romano no río Coura en Montefurado



Área de lecer en Paredes de Coura

